

### **Agader promove a creación de paquetes turísticos de “Camiños dos sabores de Galicia”**

No marco do proxecto Cantata 2, cofinanciado con fondos FEDER mediante o Programa Operativo de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico (2007-2013), Agader tivo o día 29 de xuño de 2011 unha reunión con representantes de diferentes axencias de viaxe e asociacións de axencias receptoras.

Esta reunión tivo como obxectivo fomentar o interese do sector da comercialización turística e promover a creación de paquetes turísticos contando coa colaboración de produtores e empresas adheridas a rutas agroalimentarias e interesadas en participar neles.

Agader facilitou a estas axencias información detallada sobre o produto turístico Camiños dos sabores de Galicia e os establecementos e entidades interesadas nesta paquetización, así como das liñas de axudas en vigor para poder comercializar estes produtos. Os paquetes ofertarán viaxes nos destinos de Camiños dos sabores de Galicia que sexan atractivas desde o punto de vista gastronómico, organizando actividades entorno aos produtos eixo das rutas agroalimentarias como por exemplo visitas ás queixerías, degustacións de produtos, catas,..etc.



**Sala de xuntas de Agader. Santiago de Compostela. 29 de xuño de 2011.**